

Modelo A.2.3.1 - Solicitud de admisión por recoñecemento dun mínimo de 30 créditos (con procedencia de estudos universitarios oficiais españois)

(código de acceso/admisión: 16006)

Información dos estudos para os que se desexa a admisión na UVigo		
Grao en:		
Centro:		Campus:
Datos persoais		
Apelidos:		Nome:
DNI/NIE/Pasaporte:	Móbil:	Teléfono:
Enderezo:		
Código postal:	Localidade:	Provincia:
Correo electrónico:		
Información dos estudos universitarios oficiais españois de procedencia		
Universidade:		
Centro de estudos:		
Titulación:		

Documentación que deberá achegar á solicitude:

- O alumnado da Universidade de Vigo non terá que presentar ningunha documentación de tipo académico
- No caso de alumnado doutra Universidade:
 - Certificación académica expedida pola universidade de procedencia
 - Programas ou guías docentes de cada unha das materias (seladas ou con código de verificación) de que pretende o recoñecemento correspondente ao curso académico no que as superou

A persoa que resulte admitida deberá solicitar o traslado de expediente na universidade de orixe.

Órgano de dirección do centro de adscrición da titulación

INFORMACIÓN PARA O REXISTRO: enviar á área de Estudos de Grao do centro indicado pola persoa interesada

RESPONSABLE DO TRATAMENTO
A UVigo é a responsable do tratamento dos datos de carácter persoal e cumpre cos principios de transparencia e información conforme ao artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e o Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (RXPd), e conforme ao previsto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD).
FINALIDADE E PRAZOS DE CONSERVACIÓN
Na UVigo tratarase esta información co fin de resolver a súa solicitude de admisión por recoñecemento de créditos, durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar do tratamento dos datos. Así mesmo terase en conta a normativa de arquivos e documentación.
LEXITIMACIÓN
A UVigo está lexitimada para o tratamento da información persoal de acordo cos principios de licitude sinalados no artigo 6 do RXPd, e especialmente en cumprimento de obrigas legais, dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos. No caso de que a persoa interesada non facilite os datos persoais imposibilitaría poder levar a cabo os tratamentos anteriormente descritos e cumprir as finalidades definidas no apartado anterior O tratamento está amparado, principalmente, na Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades para a prestación do servizo de educación superior que ten encomendada, así como en toda a súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, entre as diferentes normativas afectadas, a UVigo está lexitimada pola Lei 6/2013, de 13 de xuño, do sistema universitario de Galicia, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os Estatutos da UVigo e a súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, pola seguinte normativa: -Real Decreto 1393/2007, modificado polo Real Decreto 861/2010, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais. -Real Decreto 1618/2011, do 14 de novembro, sobre recoñecemento de estudos no ámbito da educación superior. -Normas de xestión académica para titulacións de grao da UVigo reguladas polo Real decreto 1393/2007, aprobadas en Consello de Goberno de data 22/07/2009 e modificadas con data 06/06/2014. -Normativa de transferencia e recoñecemento de créditos da UVigo, aprobada en Consello de Goberno de data 21/03/2018. -Normativa de Permanencia e progreso do alumnado das titulacións oficiais de grao e de máster da UVigo, publicada no DOG de data 30/06/2017. -Resolución Reitoral pola que se publica a convocatoria de admisión e matrícula para as ensinanzas de Grao da UVigo e Resolución Reitoral pola que se aproban as normas económicas derivadas da xestión académica de titulacións oficiais e propias, referidas ao curso académico no que solicita a admisión. Para os casos non cubertos pola mesma requirirase o consentimento expreso.
DESTINATARIOS
Os datos serán cedidos nos casos previstos legalmente cando sexa necesario para o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable do tratamento.
DEREITOS
O alumnado da UVigo ten dereito a solicitar á responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais, e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse a devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade de seus datos. A persoa interesada poderá exercer os seus dereitos polos seguintes medios: De forma electrónica: mediante solicitude en sede electrónica da UVigo De forma presencial: mediante solicitude dirixida ao Reitor da UVigo e presentala ante unha Oficina de Asistencia en Materia de Rexistro da UVigo, ou en calquera dos rexistros e oficinas de correos indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da UVigo, Campus Universitario, Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Pode atopar un formulario dentro do apartado da web da UVigo: https://www.uvigo.gal/proteccion-datos Igualmente poder dirixir dita solicitude directamente á Delegada de Protección de Datos da UVigo, ao enderezo electrónico: dpd@uvigo.gal . Así mesmo, si non é atendido o seu dereito, a persoa interesada poderá presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos https://sedeagpd.gob.es/sede-electronica-web/

Órgano de dirección do centro de adscrición da titulación

INFORMACIÓN PARA O REXISTRO: enviar á área de Estudos de Grao do centro indicado pola persoa interesada